

# TECENDO REDES DE IGUALDADE

XXXXX  
XXXXX

✕  
**III PLAN DE IGUALDADE  
DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**  
✕

## **XORNADA DE FORMACIÓN** **Achegando complicitades para a coeducación**



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

A posta en funcionamento do Consello da Muller Nova é unha iniciativa da Concellaría de Igualdade do Concello de Pontevedra, coa finalidade de implicar ao profesorado e especialmente ao alumnado de xeito activo nun plan conxunto de coeducación, en colaboración con outras entidades.

Esta xornada de formación vai dirixida ao profesorado que ten un papel decisivo na dinamización e efectividade desta rede coeducativa intercentros.

**SÁBADO 25 DE NOVIEMBRE DE 2017**  
**Pazo da Cultura de Pontevedra. SEMINARIO 3**  
(R/ Alexandre Bóveda, s/n)

## **PROGRAMA**

**9.45-10.00 h.** Recepción e entrega de material

**10.00-12.00 h.** **Marco legislativo. Recursos dispoñibles**

**Rosa Campos Briones**, psicóloga-directora do Centro de Información á Muller do Concello de Pontevedra.

Análise da violencia de xénero dende o marco legislativo: que permiten as leis, e que non permiten, cara a prevención e tratamento da violencia contra a muller? A importancia de coñecer e aplicar o marco legislativo que temos.

Recursos dispoñibles na nosa comunidade.

**12.00-14.00 h.** **Educар en igualdade... é posible!**

**Luisa Márquez Rodríguez**, profesora de Xeografía e Historia no IES Luís Seoane (actualmente xubilada), responsable do PEA-UNESCO no mesmo por 20 anos e coordinadora do Comité UNESCO. Coordinadora Galega das Escolas Asociadas da UNESCO.

**Alba Lorenzo García**, estudou no IES Luís Seoane de Monte Porreiro, participando en proxectos e intercambios como membro do Comité UNESCO.

É posible educar na igualdade entre mozas e mozos e combater a violencia nas relacións interpersonais, identificando os sinais e reforzando as relacións en pé de igualdade. Neste proceso é imprescindible e decisivo o compromiso das mozas e dos mozos.

## **16.00-18.00 h. Coeducando, conxugamos futuro!**

**Carme Moure**, profesora de ensino secundario, con ampla experiencia en labor coeducativo nas aulas.

Levar a Coeducación ás aulas é previr as violencias machistas porque só a Coeducación protexe do machismo. De aí que sexan tan urxentes actuacións individuais e colectivas nos centros educativos do país. Precísanse equilibrar as carencias e excesos das mochilas de xénero do noso alumnado, converténdoo así en suxeito activo de igualdade e prevención. Acadar isto implica, nas aulas, a necesidade de ensinar desde currículos igualitarios e levar a cabo labores coeducativos a nivel colectivo; só así axudaremos á construción dunha sociedade igualitaria.

## **18.00-20.00 h. Sensibilizar, previr e detectar as violencias de xénero no sistema educativo**

**Carmen Ruíz Repullo**, doutora en Socioloxía, experta en Xénero e Igualdade de Oportunidades pola Universidade de Granada.

Por que a violencia de xénero se está (re)producindo nas idades máis novas?, cales son os factores actuais que están incidindo na reprodución desta problemática social?, que causas e mecanismos sosteñen e producen a violencia de xénero nas mozas adolescentes?, que modelo de masculinidade adolescente protagoniza a violencia de xénero?

Nos últimos anos estamos asistindo a unha exposición case cotiá de datos e cifras que sitúan a violencia de xénero na adolescencia nunha problemática que require urxentes respostas. A violencia de xénero nestas idades é unha realidade que marcou unha liña de actuación en materia de prevención, detección e intervención. Con todo, queda moita información por coñecer sobre os mecanismos que lexitiman e reproducen esta problemática social. Traballar coa adolescencia, desde a adolescencia, é o gran reto desta formación, achegarnos para coñecer, detectar e especialmente, previr a violencia de xénero nestas idades.

## **20.00 h.**

Clausura

Solicitada a homologación á Consellería de Educación  
por 8 horas lectivas



**MATRÍCULA GRATUÍTA**



A inscrición realizarase a través da web da as-pg:

**[www.as-pg.gal](http://www.as-pg.gal)**

no apartado de formación



O número de prazas é limitado e cubrirase por rigorosa orde  
de inscrición tendo en conta que hai unha reserva máxima  
dun 30% para aquelas persoas que nunca traballasen  
como docentes para a Consellería de Educación



Organiza



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

Colabora



CONSELLO  
DA MULLER  
NOVA



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

